

---

## CONTRATO DE VIDA DIXITAL

---

No centro educativo , sito no concello de , comparecen as persoas indicadas máis abaixo co obxectivo de fixar acordos claros e participativos sobre o uso responsable, seguro e saudable de dispositivos e servizos dixitais, promovendo o benestar e a convivencia axeitada e protexendo os dereitos de todas as persoas.

Deste xeito, as **partes** deste contrato son

- O centro educativo , e no seu nome  en calidade de director/a, titor/a ou orientador/a.
- O alumno/a , que cursa .
- Familia:   
  
en calidade de nai e/ou pai e/ou titor/a legal.

As partes expoñen que teñen interese en fixar o presente acordo con relación ao emprego das ferramentas tecnolóxicas, polo que adoptan as seguintes **cláusulas**:

Por parte do centro docente, comprométese a:

1. Dar unha formación adecuada sobre o uso seguro da tecnoloxía
2. Fomentar un espírito crítico nese eido
3. Prover plataformas e ferramentas educativas con garantías
4. Manter protocolos de actuación fronte ao ciberacoso
5. Ofrece tempos e espazos libre de pantallas para o lecer, o xogo, o deporte e o descanso
6. Garantir a confidencialidade das comunicacións ligadas a este contrato

Por parte do alumno/a, comprométese a:

1. Empregar os dispositivos dixitais de xeito seguro e responsable
2. Non compartir fotos, vídeos ou información de terceiros sen permiso explícito
3. Manter unha linguaxe respectuosa nas redes, sen difundir insultos nin rumores humillantes
4. Respetar os horarios de desconexión acordados
5. Empregar a intelixencia artificial de xeito responsable sen desenvolver actuacións fraudulentas
6. Informar ao titor/a e/ou á familia se recibe mensaxes que lle causen medo ou vergoña

Por parte da familia, comprométese a:

1. Establecer límites nos tempos de uso
2. Acompañar ao alumno no uso da tecnoloxía
3. Comunicar ao centro as incidencias

As consecuencias do incumprimento deste contrato establécenas o centro e as familias no anexo a este contrato.

O período de vixencia deste contrato comeza no día seguinte á data da sinatura estendéndose ata o final do curso escolar. O acordo entre as partes permitirá a renovación anual deste contrato ata o final da etapa educativa.

En , a  de  de 20

Persoa representante  
do centro educativo

A alumna/o

A familia

**Renovación** Data:  de  de 20

Persoa representante  
do centro educativo

A alumna/o

A familia

## ANEXO

Incorporar a continuación as cláusulas adicionais que se consideren, así como as consecuencias do incumprimento dos acordos asinados.

O contrato dixital entre alumnado, centros educativos e familias enténdese como un acordo educativo, preventivo e de corresponsabilidade que establece dereitos, deberes e consecuencias relacionadas co uso da internet e dos dispositivos dixitais. A súa finalidade principal é promover un uso seguro, saudable e responsable da tecnoloxía, adaptado á idade e ao grao de madurez do alumnado. É un instrumento que reforza o autocontrol e a implicación conxunta de escola, familia e alumnado. Este contrato persegue protexer o benestar do alumnado, previr riscos como a adición ás pantallas, o ciberacoso, o acceso a contidos inapropiados e fomentar hábitos dixitais saudables.

O alumnado comprométese a respectar os tempos de uso e descanso de Internet e dos dispositivos, a non acceder nin difundir contidos inadecuados, a coidar a privacidade propia e allea e a cumprir as normas de convivencia dixital. Pola súa banda, o centro educativo asume o compromiso de ofrecer formación no uso seguro de Internet, supervisar o uso de internet no ámbito escolar e facer un seguimento do seu cumprimento. As familias, á súa vez, comprométese a establecer límites de uso en casa acordados cos do centro, supervisar e acompañar no uso da tecnoloxía, fomentar o diálogo e a confianza e colaborar ante posibles incidencias.

Este contrato poderá definir os límites e normas concretas, como horarios e tempos máximos de uso, tipos de contidos permitidos ou prohibidos, criterios para o uso de redes sociais e videoxogos segundo a idade, e normas sobre dispositivos persoais.

### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

<b>Responsable do tratamento</b>	Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
<b>Finalidades do tratamento</b>	Xestión do contrato da vida dixital
<b>Lexitimación para o tratamento</b>	Consentimento outorgado polo/a interesado/a ou polos/as representantes legais, de ser o caso
<b>Destinatarios dos datos</b>	Administracións públicas cando sexa estritamente necesario para el exercicio de sus competencias
<b>Exercicio dos dereitos</b>	As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> . Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos.
<b>Contacto delegado/a protección de datos e información adicional</b>	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>